

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O DOCE DE MARZO DE DOUS MIL DEZANOVE.

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. Bernardo Fernández Piñeiro.

Concelleiro/as:

Dna. Raquel Caruncho Corral.
D. José Simoes Couceiro.
Dna. Yolanda Vázquez Busto.
Dna. Silvia Fornos Permuy
Dna. Marta Pico Machado.
D. Francisco Javier Crespo Romeo.
Dna. María Carmen Piñeiro Varela.
Dna. Ascensión de Vicente Olarte.
D. Andrés Pérez Pérez.
Dna. Ana María Veira García.

Na sala de sesións da Casa do Concello de Ponte deume, sendo as once horas e trinta e cinco minutos do día doce de marzo de dous mil dezanove, xúntanse en sesión extraordinaria e urxente, primeira convocatoria, previamente convocadas ao efecto, as persoas membros do Pleno do concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do señor alcalde-presidente, Don Bernardo Fernández Piñeiro.

Foron asistidos polas Secretaria e a Interventora Municipais.

Non asiste:

D. Pedro Amado Sanmartín.
D. Jorge Serafín Allegue Freire.

Secretaria:

D^a. Marta Cajide Barbeito

Interventora

D^a. Lucía Varela Martínez

A Presidencia abre a sesión procedéndose a tratar os asuntos incluídos na orde do día:

1.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CELEBRACIÓN DA SESIÓN.

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE ACORDO

RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CELEBRACIÓN DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DE 12.03.2019.

Expediente TEdC: 2019/G006/000037

A urxencia da celebración desta sesión Plenaria ven derivada da necesaria tramitación do expediente de modificación da solicitude do Plan Provincial de obras e servizos de competencia municipal (Plan Único Concellos) POS+ 2019 no prazo máis breve posible debido as razóns de interese público existentes co obxecto de poder cumprir coa tramitación do expediente en coordinación coa Deputación Provincial da Coruña e permitir que o presente expediente poida ser incluído dentro do orde do día do pleno ordinario da Deputación Provincial da Coruña do mes de marzo. Con todo isto, e dada a competencia plenaria da



modificación da solicitude do POS+ 2019 consonte ao establecido na base 5 que indica: “[...] A aprobación das correccións ou modificacións do acordo de solicitude deberá realizarse polo Pleno do concello [...]”, así como a periodicidade mensual das súas sesións, determinan que sexa conveniente para o interese público tratar o presente asunto, sen maior dilación mediante a convocatoria dun pleno extraordinario e urxente e non dilatar ata o vindeiro pleno ordinario do mes de marzo a adopción do acordo de modificación da solicitude do POS+ 2019.

Por tanto, esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA**:

PRIMEIRO.- Ratificar a Urxencia da celebración da sesión extraordinaria e urxente do Pleno do Concello de Pontedeume de 12.03.2019.

Documento asinado dixitalmente por D. Bernardo Fernández Piñeiro, Alcalde-Presidente a 11 de marzo de 2019.“

Non habendo intervencións o respecto, sométese a proposta a votación quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO.- Ratificar a Urxencia da celebración da sesión extraordinaria e urxente do Pleno do Concello de Pontedeume de 12.03.2019.

2.- MODIFICACIÓN DO ACORDO PLENARIO DE 18.12.2018 DE SOLICITUDE DO PLAN DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLO) POS+ 2019

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE ACORDO

MODIFICACIÓN DO ACORDO PLENARIO DE 18.12.2018 DE SOLICITUDE DO PLAN DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLO) POS+ 2019

Visto o acordo do Pleno do Concello, en sesión extraordinaria e urxente do 18.12.2018 relativo á solicitude do Plan de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+ 2019.

Vista a Circular da Deputación Provincial da Coruña relativa á comunicación da aprobación das bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concello) “POS+ 2019”, con RE no Concello nº 4596 de 5 de outubro de 2018 e as bases do devandito Plan publicadas no BOP nº 188 de 2 de outubro de 2018.

Na Base 4, no relativo ao Financiamento do Plan establécese: “[...] dado que aínda se descoñecen as posibilidades de financiamento da deputación, o POS+ 2019 concíbese co carácter de “Programación preventiva de actuacións”, suxeita polo tanto a revisión unha vez coñecidas as fontes do seu financiamento, e a reprogramacións de importes ou anualidades, consonte ao criterio de prioridade previsto na Base 6 [...]”.

Vista a Circular da Deputación Provincial da Coruña na que comunica a maior achega provincial ao Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concello) “POS+ 2019”, con RE no Concello nº 846 do 8 de marzo de 2019, permitindo elaborar un POS+Adicional 1/2019 por maior achega provincial, correspondéndolle ao Concello de Pontedeume a cantidade de 236.088,62 €.

Visto que no acordo do Pleno do Concello do 18.12.2018 se solicitaba con cargo á “Achega Provincial 2019” a financiación pola Deputación Provincial da Coruña de 208.544,95 € para o

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

investimento "Reforma da Escola Unitaria de Campolongo", financiando o Concello 9.795,06 €, ata acadar o orzamento total da obra de 218.340,01 €.

Visto que nas bases do Plan se establece que a "Achea Provincial 2019" pódese destinar a gastos correntes orixinados polos servizos de competencia obrigatorios do exercicio 2019 e dada a maior achega ao Plan Provincial de obras e servizos de competencia municipal (Plan Único Concellos) POS+ 2019, permitindo elaborar un POS+Adicional 1/2019, crése convinte unha modificación da solicitude do POS+ 2019, destinando a "Achea Provincial 2019" a gasto corrente e incluír a obra "Reforma da Escola Unitaria de Campolongo" no Plan Complementario.

Por requirimento da Deputación Provincial da Coruña en febreiro de 2019 fixéronse nalgúns proxectos correccións de carácter técnico que non afectan nin á natureza nin ao presuposto. Consonante ao establecido na cláusula 5 das bases que indica: "[...] A aprobación das correccións ou modificacións do acordo de solicitude deberá realizarse polo Pleno do concello mentres que as dos proxectos das obras ou pregos das subministracións realizárase polo Pleno ou por outro órgano competente do concello, tendo en conta o seu carácter substancial ou non.[...]". Os proxectos que foron modificados e que se aprobaron mediante resolución de Alcaldía son os seguintes:

Mellora da eficiencia enerxética no Pavillón "A Casqueira"

Mellora da capa de rodadura en vía municipal en Estrada Vella

Conservación do Castelo de Andrade

Reforma da Escola Unitaria de Campolongo

Pavimentación Rúa Gonzalo Torrente Ballester

Por requirimento da Deputación Provincial da Coruña en marzo de 2019 é necesaria novamente a corrección de carácter técnico dos seguintes proxectos:

Mellora da eficiencia enerxética no Pavillón "A Casqueira": consta proxecto modificado (rev 3) con data de rexistro de entrada no Concello 828 do 04.03.2019 e con informe de supervisión favorable dos servizos de Asistencia a Municipios da Deputación Provincial da Coruña comunicado telefónicamente o día 11.03.2019.

Mellora da capa de rodadura en vía municipal en Estrada Vella

Conservación do Castelo de Andrade

Éstos dous últimos proxectos están pendentes da presentación dos mesmos por parte do redactor.

É por isto que esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA de ACORDO**:

1.- Ratificación da urxencia da inclusión do presente asunto na orde do día do Pleno extraordinario e urxente convocado para o día 12 de marzo do 2019, debido á necesaria tramitación do expediente de modificación da solicitude do Plan Provincial de obras e servizos de competencia municipal (Plan Único Concellos) POS+ 2019 no prazo máis breve posible debido as razóns de interese público existentes co obxecto de poder cumprir coa tramitación do expediente en coordinación coa Deputación Provincial da Coruña e permitir que o presente expediente poida ser incluído dentro do orde do día do pleno ordinario da Deputación Provincial da Coruña do mes de marzo. Con todo isto, e dada a competencia plenaria da



modificación da solicitude do POS+ 2019 consonte ao establecido na base 5 que indica: “[...] A aprobación das correccións ou modificacións do acordo de solicitude deberá realizarse polo Pleno do concello [...]”, así como a periodicidade mensual das súas sesións, determinan que sexa conveniente para o interese público tratar o presente asunto, sen maior dilación mediante a convocatoria dun pleno extraordinario e urxente e non dilatar ata o vindeiro pleno ordinario do mes de marzo a adopción do acordo de modificación da solicitude do POS+ 2019, motivase así a declaración da urxencia do expediente.

2.- Modificar o acordo do Pleno do 18.12.2018 e participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) “POS+ 2019”** da Deputación provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2019”, “achega provincial 2018” e “préstamo provincial 2019”, logo da modificación do obxecto da “achega provincial 2019”:

A) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2019 aplicada ao financiamento de gastos correntes	208.544,95 €
Subtotal gasto corrente	208.544,95 €

B) Financiamento de investimentos

ACHEGA PROVINCIAL 2018 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Mellora do trazado do camiño en Centroña ata o seu encontro coa Estrada Provincial DP-4803	73.005,39 €	1.253,17 €	74.258,56 €
Mellora da capa de rodadura en Estrada Vella	74.829,57 €	1.284,48 €	76.114,05 €
Mellora da eficiencia enerxética no Pavillón “A Casqueira”	19.923,77 €	342,00 €	20.265,77 €
Subtotal investimentos achega provincial 2018	167.758,73 €	2.879,65 €	170.638,38 €

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2019	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Conservación do Castelo de Andrade	34.364,00 €	0,00 €	34.364,00 €
Camiño na Herbosa (Boebre) e Camiño na Graña	51.729,82 €	0,00 €	51.729,82 €

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Subtotal investimentos préstamo provincial 2019	86.093,82 €	0,00 €	86.093,82 €
--	-------------	--------	--------------------

Aprobar os proxectos dos investimentos incluídos no POS+ 2019 que se relacionan nestas táboas, logo das modificacións técnicas realizadas nalgúns deles a requirimento da Deputación Provincial da Coruña en febreiro e marzo de 2019, segundo o indicado nos antecedentes.

C) Resumo:

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2019	208.544,95 €	0,00 €	208.544,95 €
B- INVESTIMENTOS	Achega 2018	167.758,73 €	2.879,65 €	170.638,38 €
	Préstamo 2019	86.093,82 €	0,00 €	86.093,82 €
TOTAL	Achega 2019	208.544,95 €	0,00 €	208.544,95 €
	Achega 2018	167.758,73 €	2.879,65 €	170.638,38 €
	Préstamo 2019	86.093,82 €	0,00 €	86.093,82 €
	TOTAL	462.397,50 €	2.879,65 €	465.277,15 €

3.- Aprobar o Plan complementario do ano 2019 no que se inclúen as obras ou subministracións que a continuación se indican, logo da modificación do obxecto da "achega provincial 2019" e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións, logo das modificacións técnicas realizadas nalgúns deles a requirimento da Deputación Provincial da Coruña en febreiro e marzo de 2019, segundo o indicado nos antecedentes:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
Camiño Chapizo – Casa dos Exercicios	39.797,81 €
Pavimentación Rá Gonzalo Torrente Ballester	113.966,31 €
Reforma da Escola Unitaria de Campolongo	218.340,01 €
TOTALS	372.104,13 €

4.- Declarar que o Concello está a tramitar os correspondentes expedientes tendentes á obtención das respectivas dispoñibilidades dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos incluídos no presente acordo, e no mesmo sentido, no relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

5.- Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2019 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2019, se a houbera.



6.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

7.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

8.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

9.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."

No entanto, o Pleno adoptará o acordo que estime oportuno.

En Pontedeume, asinado dixitalmente na data que figura á marxe polo Sr. Alcalde, Don Bernardo Fernández Piñeiro."

A Presidencia abre a quenda para o debate explicando os motivos desta modificación logo de que se tivera coñecemento da dotación de fondos do Plan (236.000,00 €) e que por tanto, as posibilidades de investimento son máis amplas. Indica que a urxencia ven motivada porque esta semana remata o prazo para enviar a documentación.

Non habendo intervencións, sométese a PROPOSTA a votación, quedando **ADOPTADO** por **MAIORÍA de 7 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSOE(6): D. Bernardo Fernández Piñeiro, Dna. Raquel Caruncho Corral, D. José Simoes Couceiro, Dna. Yolanda Vázquez Busto, Dna. Silvia Fornos Permy, Dna. Marta Pico Machado; e do BNG(1): Dna. Ana María Veira García; e **4 abstencións** dos/as membros do Grupo Municipal do PP: D. Francisco Javier Crespo Romeo, Dna. María Carmen Piñeiro Varela, Dna. Ascensión de Vicente Olarte e D. Andrés Pérez Pérez; o **ACORDO** seguinte:

1.- Ratificación da urxencia da inclusión do presente asunto na orde do día do Pleno extraordinario e urxente convocado para o día 12 de marzo do 2019, debido á necesaria tramitación do expediente de modificación da solicitude do Plan Provincial de obras e servizos de competencia municipal (Plan Único Concellos) POS+ 2019 no prazo máis breve posible debido as razóns de interese público existentes co obxecto de poder cumprir coa tramitación do expediente en coordinación coa Deputación Provincial da Coruña e permitir que o presente expediente poida ser incluído dentro do orde do día do pleno ordinario da Deputación Provincial da Coruña do mes de marzo. Con todo isto, e dada a competencia plenaria da modificación da solicitude do POS+ 2019 consonte ao establecido na base 5 que indica: "[...] A aprobación das correccións ou modificacións do acordo de solicitude deberá realizarse polo Pleno do concello [...]", así como a periodicidade mensual das súas sesións, determinan que sexa conveniente para o interese público tratar o presente asunto, sen maior dilación mediante a convocatoria dun pleno extraordinario e urxente e non dilatar ata o vindeiro pleno ordinario do mes de marzo a adopción do acordo de modificación da solicitude do POS+ 2019, motivase así a declaración da urxencia do expediente.

2.- Modificar o acordo do Pleno do 18.12.2018 e participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) "POS+ 2019"** da Deputación provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2019", "achega provincial 2018" e "préstamo provincial 2019", logo da modificación do obxecto da "achega provincial 2019":

A) Financiamento de gastos correntes:

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

	Deputación
Achega provincial 2019 aplicada ao financiamento de gastos correntes	208.544,95 €
Subtotal gasto corrente	208.544,95 €

B) Financiamento de investimentos

ACHEGA PROVINCIAL 2018 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Mellora do trazado do camiño en Centroña ata o seu encontro coa Estrada Provincial DP-4803	73.005,39 €	1.253,17 €	74.258,56 €
Mellora da capa de rodadura en Estrada Vella	74.829,57 €	1.284,48 €	76.114,05 €
Mellora da eficiencia enerxética no Pavillón "A Casqueira"	19.923,77 €	342,00 €	20.265,77 €
Subtotal investimentos achega provincial 2018	167.758,73 €	2.879,65 €	170.638,38 €

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2019	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Conservación do Castelo de Andrade	34.364,00 €	0,00 €	34.364,00 €
Camiño na Herbosa (Boebre) e Camiño na Graña	51.729,82 €	0,00 €	51.729,82 €
Subtotal investimentos préstamo provincial 2019	86.093,82 €	0,00 €	86.093,82 €

Aprobar os proxectos dos investimentos incluídos no POS+ 2019 que se relacionan nestas táboas, logo das modificacións técnicas realizadas nalgúns deles a requirimento da Deputación Provincial da Coruña en febreiro e marzo de 2019, segundo o indicado nos antecedentes.

C) Resumo:

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2019	208.544,95 €	0,00 €	208.544,95 €



B- INVERSIONES	Achega 2018	167.758,73 €	2.879,65 €	170.638,38 €
	Préstamo 2019	86.093,82 €	0,00 €	86.093,82 €
TOTAL	Achega 2019	208.544,95 €	0,00 €	208.544,95 €
	Achega 2018	167.758,73 €	2.879,65 €	170.638,38 €
	Préstamo 2019	86.093,82 €	0,00 €	86.093,82 €
	TOTAL	462.397,50 €	2.879,65 €	465.277,15 €

3.- Aprobar o Plan complementario do ano 2019 no que se inclúen as obras ou subministracións que a continuación se indican, logo da modificación do obxecto da “achega provincial 2019” e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións, logo das modificacións técnicas realizadas nalgúns deles a requirimento da Deputación Provincial da Coruña en febreiro e marzo de 2019, segundo o indicado nos antecedentes:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
Camiño Chapizo – Casa dos Exercicios	39.797,81 €
Pavimentación Rá Gonzalo Torrente Ballester	113.966,31 €
Reforma da Escola Unitaria de Campolongo	218.340,01 €
TOTAIS	372.104,13 €

4.- Declarar que o Concello está a tramitar os correspondentes expedientes tendentes á obtención das respectivas dispoñibilidades dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos incluídos no presente acordo, e no mesmo sentido, no relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

5.- Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2019 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2019, se a houbera.

6.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

7.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

8.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

9.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente

REMATE DA SESIÓN



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e corenta e cinco minutos do expresado día. Autorízase o presente borrador da acta coas sinaturas dixitais do alcalde e da secretaria, que dá fe.

